

Curso de prevención e intervención ante o acoso e ciberacoso escolar



RECOÑECAMENTO ACADÉMICO
[1 crédito ECTS para o alumnado da USC]

Entidades colaboradoras

Índice

| | |
|---|---|
| 1.- Datos da acción formativa..... | 2 |
| 2.- Descrición e fundamentación..... | 2 |
| 3.- Obxectivos | 2 |
| 4.- Contido..... | 3 |
| 5.- Persoas destinatarias..... | 3 |
| 6.- Metodoloxía e recursos didácticos | 3 |
| 7.- Calendario/Planificación..... | 4 |
| 8.- Avaliación..... | 4 |
| 9.- Equipo docente | 5 |

1.- Datos da acción formativa

- MODALIDADE: Semipresencial
- DURACIÓN: 30 horas (25 horas teleformación + 5 horas presenciais que se corresponden coa Xornada “Prevención e intervención ante o acoso escolar” prevista para o 10 de novembro de 2017 en Santiago de Compostela)
- DATA/S: do 16 de outubro ao 09 de novembro
- RECOÑECIMIENTO ACADÉMICO: 1 crédito ECTS para o alumnado da USC

2.- Descrición e fundamentación

O acoso escolar é un dos maiores problemas aos que se enfrenta a sociedade actual en xeral e a comunidade educativa en particular.

Os casos reais de acoso escolar atendidos a través do teléfono Anar aumentaron no conxunto de España un 87,7% no ano 2016 respecto ao ano anterior, segundo o segundo estudo sobre acoso e ciberacoso desde a perspectiva dos menores afectados, realizado pola Fundación Mutua Madrileña e a Fundación Anar. Do traballo chama a atención que as vítimas de acoso escolar en Galicia pasaron de ser o 3% do conxunto de España no exercicio de 2015 ao 9,9 por cento en 2016.

Para abordar este fenómeno complexo que implica a toda a sociedade deberíanse ter en conta factores sociais, pedagóxicos, familiares, psicolóxicos, grupales, emocionais, xurídicos, etc.

Este curso pretende crear un espazo formación, concienciación e información que contribúa a que os/as profesionais e pais e nais poidan estar mellor formados e coñezan ferramentas que lles permitan responder de forma eficaz ao problema.

3.- Obxectivos

- Dar a coñecer a perspectiva xurídica do acoso e ciberacoso, o seu alcance e responsabilidade, para que os/as profesionais especializados, pais e nais, etc saiban xestionar as situacións, de acordo á legalidade vixente.
- Proporcionar ferramentas e recursos para a detección, prevención e clasificación do acoso/ciberacoso escolar ás que o persoal especializado poda acudir na busca de apoio.
- Prestar especial atención ás novas modalidades de acoso derivadas da aparición de novas tecnoloxías.
- Presentar aos profesionais especializados, pais e nais, etc as diferentes vías de intervención existentes respecto ao acoso/ciberacoso escolar.

4.- Contido

- Módulo I. Introducción: Acoso escolar e violencia nas aulas: Concepto, tipos, epidemioloxía e prevención. (7 horas)
- Módulo II. O acoso e o ciberacoso desde o plano legal. (5 horas)
- Módulo III. O acoso a través da Rede: ciberacoso. (5 horas)
- Módulo IV. Intervención ante a violencia e o acoso escolar. (8 horas)

5.- Persoas destinatarias

Esta formación diríxese a:

- Profesionais que desempeñen o seu traballo no eido da infancia/adolescencia desde a diferentes ámbitos: o traballo social, a psicoloxía, a educación, a socioloxía, a avogacía, a educación social, o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, o persoal sanitario, alumnado, etc
- Pais e nais de ANPAS

6.- Metodoloxía e recursos didácticos

Os contidos do curso serán divididos en módulos dos cales o/a alumno/a dispoñerá dun resumo de cada un en formato PDF. Nalgúns casos, poderase complementar con contidos audiovisuais como material de apoio. Ao finalizar cada módulo haberá un cuestionario de autoavaliación onde o alumnado poderá comprobar os contidos asimilados.

Así mesmo, para favorecer e dinamizar a participación do alumnado propoñeranse temas de interese a través do foro sendo abordados co apoio dos/das titores/as.

7.- Calendario/Planificación

O curso impartirase dende o 16 de outubro ao 09 de novembro. O curso consta de 4 módulos podendo realizarse segundo o calendario da seguinte forma:

- Módulo I. Introducción: Acoso escolar e violencia nas aulas: Concepto, tipos, epidemioloxía e prevención.(7 horas) Do 16/10/2017 ao 23/10/2017.
- Módulo II. O acoso e o ciberacoso desde o plano legal. (5 horas) Do 23/10/2017 ao 27/10/2017.
- Módulo III. O acoso a través da Rede: ciberacoso. (5 horas) Do 27/10/2017 ao 03/11/2017.
- Módulo IV. Intervención ante a violencia e o acoso escolar. (8 horas) Do 03/11/2017 ao 09/11/2017.

En xeral cada semana activarase un módulo do curso. Para realizar o seguinte módulo o/a alumno/a deberá superar o cuestionario de autoavaliación cunha puntuación mínima do 75%.

Ao finalizar os módulos deberase de superar un cuestionario final cunha puntuación mínima do 75%.

8.- Avaliación

Para superar cada módulo será necesario:

- Realizar eficazmente las actividades propostas en cada un deles.
- Intervir e participar nos foros.

9.- Equipo docente

TITOR Módulos 1 e 4: Javier Pérez Aznar

Psicólogo e entusiasta da Educación. Preside as Asociacións Espazo HOlístico (comprometida cun cambio na educación) e NACE (Non ao Acoso Escolar). Foi formador de empresa (liderado, comunicación, relacións humanas...) e orientador en case todas as etapas do sistema educativo. É asesor e formador de profesores en acoso escolar, tutoría e transformación educativa; asesor e socio en proxectos europeos impulsados pola Xunta de Galicia (ARBAX, contra o acoso racial; e PARENT NETS, para a formación de pais en redes sociais). Membro do Grupo TEI (Tutoría entre Iguais) do Instituto de Ciencias da Educación dela Universidade de Barcelona.

TITOR Módulo 2: Beatriz Calavía Rodríguez

Avogada do Ilustre Colexio de Abogados de Santiago de Compostela e vogal da Agrupación de Abogados Jóvenes de Compostela.

Como experta en bullying e cyberbullyng desenvolveu diversas colaboracións, entre outras, impartiu obradoiros sobre esta temática como voluntaria de Cruz Vermella en varios institutos. Do mesmo xeito, participou como ponente na xornada sobre acoso escolar na Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o 4 de maio de 2017.

Colabora como cibercooperante do Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), para fomentar un uso responsable e positivo das TICS e, participa, ademais na elaboración do Protocolo de bullying de Cruz Vermella a nivel nacional.

TITOR Módulo 3: Antonio Rial Boubeta

Doutor en Psicoloxía Social e Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela. Director técnico da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario e experto en metodoloxía de investigación en ciencias sociais e da saúde. Autor de máis dun centenar de artigos en revistas científicas nacionais e internacionais, director de 14 tese doutoral e responsable de diferentes proxectos de investigación no ámbito dos adolescentes. En 2011 foi coordinador do estudo "Adolescentes e Internet en Galicia" realizado polo Valedor do Pobo de Galicia e a Consellería de Educación, e en 2014 do estudo "Mocidade En liña", que é ata hoxe o estudo de maior envergadura feito en España sobre o tema, cunha mostra de máis de 44.000 adolescentes e cuxos resultados foron publicados en revistas de prestixio internacional como é o caso de Cyberpsychology. É autor tamén do libro "Adolescentes e Novas Tecnoloxías: unha responsabilidade compartida" e colaborador habitual de diferentes medios de comunicación. Foi o encargado de elaborar o material docente do curso de formación continuada que actualmente ten o Consello Xeral da Psicoloxía de España, sobre o Uso Problemático da internet entre os adolescentes; docente tamén no curso de Alteracións da conduta emerxentes na poboación infanto-xuvenil: Adicións tecnolóxicas, organizado pola Consellería de Sanidade e docente e conferenciante en numerosos cursos, xornadas e seminarios sobre os problemas relacionados coa adolescencia, como o Uso problemático da internet, as redes sociais e as Tics, o cyberbullying ou o consumo de alcol e outras drogas.